

| | |
|---------------------------|----------------------------|
| Circular: 2 / 2004 | Data: 19 / 1 / 2004 |
|---------------------------|----------------------------|

Asunto: Alta na Seguridade Social do persoal eventual vinculado para a prestación de servicios de atención continuada e gardas médicas nas institucións sanitarias do Sergas.

Orixe: División de Recursos Humanos.

Ámbito: Institucións Sanitarias do Sergas de Atención Primaria e Especializada.

Os nomeamentos para cobertura de atención continuada ou gardas médicas en atención primaria e en atención especializada do Sergas veñen regulados polas Instrucións da División de Recursos Humanos do Sergas do 8 de abril de 1998, e pola Orde do 1 de xullo de 1997, modificada pola Orde de 22 de marzo de 2000, pola que se regulamentan as modalidades de formalización do vínculo do persoal temporal de institucións sanitarias xestionadas polo Sergas. Os anteriores nomeamentos poden ter por causa a singular prestación, ou ben unha prestación que se prolonga no tempo. O nomeamento se expide por cada prestación, sen prexuízo de que en virtude do número de prestacións a realizar nun período de tempo determine unha obriga de dispoñibilidade dos profesionais para a cobertura das quendas de atención continuada ou gardas médicas. Esta xestión dos nomeamentos incide na xestión das altas e baixas ó réxime xeral da Seguridade Social.

O anterior foi obxecto de controversia ante os órganos xudiciais. Recentes pronunciamentos dos altos órganos xudiciais fixan o criterio de ter en conta, para as altas e baixas, o período de posta a disposición dos profesionais e non só a concreta

prestación.

As presentes instruccións veñen a modular a xestión dos nomeamentos con criterios que facilitan a vinculación dos profesionais polo período no que están dispoñibles para a prestación de servizos de garda ou atención continuada, para á súa vez recoller o sistema de alta e cotización nestes supostos nos que se esixe ó profesional estar dispoñible para a cobertura de atención continuada durante un tempo determinado ou por unha causa. Se procura tamén resolver de maneira homoxénea nos centros do Sergas, ata que, no seu caso, se dicten as normas oportunas de cotización do sistema de alta e cotización para este tipo de nomeamentos de atención continuada, os distintos criterios utilizados e cuestionados no réxime de Seguridade Social destes nomeamentos.

Así mesmo, estas instruccións sobre alta continuada e cotización correspondente para este tipo de nomeamentos resulta tamén dos acordos acadados cos representantes sindicais CESM, SATSE, CC.OO, CIG, CSI-CSIF, e UXT no seo da comisión de seguimento do pacto de urxencias extrahospitalarias e no seo da mesa sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do SERGAS na última reunión de 23 de decembro de 2003.

A División de Recursos Humanos regula os criterios que deben ser seguidos polos centros para a formalización da alta continuada e cotización á Seguridade Social nos nomeamentos para gardas e atención continuada, mantendo en alta continuada os nomeamentos que esixan a dispoñibilidade do profesional para tal cobertura durante o tempo que se vincule.

Por todo isto, e có obxecto de formaliza-la alta continuada no réxime xeral da Seguridade Social e cotización correspondente ó persoal facultativo e de enfermería, para gardas ou atención continuada, a División Xeral de Recursos Humanos, considera oportuno dicta-las seguintes

CIRCULAR 2/04

INSTRUCCIÓN

PRIMEIRA. *Obxecto e ámbito.*

As presentes instruccións teñen por obxecto a formalización polos centros do SERGAS da alta continuada ó réxime xeral da Seguridade Social e cotización correspondente do persoal facultativo e de enfermería vinculado por unha causa ou tempo determinado non inferior ó mes, para gardas ou atención continuada en atención primaria e atención especializada.

As presentes instruccións non serán aplicables a nomeamentos singulares para gardas médicas de atención especializada nin tampouco rexerán para coberturas en días concretos de atención continuada en urxencias extrahospitalarias.

SEGUNDA. *Alta e cotización.*

I. ALTA.

De acordo co artigo 100 do Real decreto legislativo 1/1994 de 20 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, e co artigo 32 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas e baixas e variacións de datos de traballadores da Seguridade Social, a alta no réxime xeral da Seguridade Social do persoal facultativo e de enfermería nomeado para a realización de atención continuada en atención primaria, así como os facultativos especialistas nomeados para a realización de gardas médicas nos centros de atención especializada, efectuarase polo centro correspondente no momento do seu nomeamento, e se manterá ininterrompida durante o período de vixencia do citado nomeamento mentres o profesional estea dispoñible para a cobertura de atención continuada.

A baixa no réxime xeral se produce co cesamento da citada dispoñibilidade ou cando remate a causa ou o período de tempo que deu lugar ó nomeamento.

Nos supostos de que o profesional sexa vinculado coa mesma xerencia para cobertura de atención ordinaria por un período de tempo igual ou inferior ó mes, se producirá a comunicación de variación de datos á Seguridade Social e a suspensión do nomeamento para cobertura de gardas médicas ou atención continuada en atención primaria.

II. COTIZACIÓN.

Para determinar a cotización a efectuar para ditos profesionais vinculados tomaranse a totalidade das retribucións percibidas, tanto por atención continuada derivada dos nomeamentos de atención continuada ou gardas médicas, como polas retribucións básicas xeradas por ter formalizados no mesmo mes vínculos de prestación ordinaria, de acordo coa normativa reguladora da cotización á Seguridade Social, desemprego e formación profesional segundo as disposicións contidas cada ano nas leis de orzamentos xerais do Estado.

TERCEIRA. Nomeamentos de atención continuada en atención primaria.

Os profesionais que trala oferta que se formalice no mes de febreiro de 2004, subscriban a garantía de cobertura de atención continuada en atención primaria por seis meses prorrogables con base no pacto suscrito pola Administración sanitaria coas centrais sindicais, polo que se regulan determinadas condicións de traballo do persoal que presta servicios no ámbito das urxencias extrahospitalarias na atención primaria do Sergas, publicado no DOG nº 44, do 2 de marzo de 2001, coa asignación dun número de horas anuais de entre 900 a 1400, serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social de manterse as causas que motivaron a garantía. Trala oferta, o nomeamento que

se formalice cos aspirantes que subscriban o compromiso poderá formalizarse con esta duración.

Os profesionais que se vinculen por outras causas que dean lugar a nomeamentos de atención continuada que esixan a dispoñibilidade de cobertura de atención continuada por período mínimo dun mes, serán vinculados mediante nomeamentos de atención continuada para a prestación de 80 horas mínimas no mes, causando alta no réxime xeral por tal duración mensual.

CUARTA. Cobertura de atención ordinaria.

De acordo coas normas vixentes de selección temporal no Sergas, os aspirantes que subscriban nomeamentos para cobertura de atención urxente extrahospitalaria, están obrigados a cubrir as demais necesidades de carácter temporal que supoñan vinculación de un mes ou inferior duración, nos ámbitos correspondentes, segundo o disposto na Orde do 22 de marzo de 2000.

As vinculacións temporais ordinarias deberán realizarse mediante a formalización do nomeamento eventual ou de substitución que corresponda á causa, declarándose suspendido o nomeamento para cobertura de atención continuada polo tempo de duración dese nomeamento ordinario, sendo comunicada a variación á Seguridade Social. A suspensión formalizarase mediante dilixencia na que se expresará a causa. O levantamento da suspensión se realizará sen solución de continuidade con respecto ó nomeamento ordinario, recolléndose tamén o reinicio mediante dilixencia.

QUINTA. Nomeamento para gardas médicas en atención especializada.

A modalidade de nomeamentos para a realización de gardas médicas en atención especializada recollida no apartado B da Instrucción segunda da División de Recursos

CIRCULAR 2/04

Humanos do Sergas de 8 de abril de 1998, formalizaranse polo tempo que determine a causa que deu lugar á vinculación e que esixe ó profesional estar dispoñible nese tempo determinado ou mentres se manteña a causa que deu lugar ó nomeamento. A alta ó réxime xeral se formalizará por ese mesmo tempo de duración, previa autorización da División de Recursos Humanos do Sergas. A formalización desta modalidade suporá asignación de alomenos 80 horas de garda ó mes.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2004

O DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS

José Ignacio Lema Piñeiro

CIRCULAR 2/04